

Zeltia Burgos Tortosa, secretaria nacional da CIG-Autonómica, co enderezo para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e enderezo para notificación preferente no correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, presento as seguintes alegacións ao:

Informe das medidas adoptadas en aplicación do protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID - 19, Consellería de Cultura e Turismo.

EXPOÑO:

- O informe debe conter a identificación dos postos, non dar só cifras, así cumpre identificar as medidas xerais a tomar en cada tipo de posto e centro directivo como se indica no Protocolo de reincorporación e medidas xerais. As medidas destes centros directivos deben ser comprobadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) o que tamén debera estar sinalado no informe.
- A avaliación de riscos ten que efectuarse en todos os centros así como en todos os postos e incluír as zonas comúns, zonas de tránsito, aseos, equipos de uso común, e labores ou funcións específicas dos postos adscritos neses centros. É importante que nesta Avaliación veña a identificación deste risco biolóxico e da súa probabilidade así como as medidas preventivas previstas no plan de acción. Si se fixo ou non: non esta referenciado no informe: debera aparecer.
- O persoal require a escaseza de limpeza nos centros , non hai un verdadeiro reforzo senón un traslado de carga de traballo, segue a haber problemas nas limpeza de material compartido no cambio de quenda e mesmo no material compartido na mesma quenda.
- Aínda que o teletraballo COVID é a mellor ferramenta para a prevención deste risco laboral e é unha necesidade da empresa xa que esta ten o deber da protección do seu persoal e non se fomenta adecuadamente concedendo permisos con menos días que o que marcan os permisos aprobados por Función Pública. Despois das queixas do persoal estes permisos son alongados, pero crea un nerviosismo e incerteza nos traballadores/as públicos.
- Xa que o risco ao Covid-19 non só está na cadeira do posto (en referencia a case única medida da separación dos 2 metros como indicativo para a reincorporación presencial) senón no uso de espazos comúns, transporte, rúas...Para a CIG é unha temeridade que o teletraballo remate, en principio a finais deste mes de xuño, cando ademais funciona e vai en contra do proposto pola normativa estatal.

Así o artigo 5 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes

extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da Covid-19, establece pola primeira o carácter preferente do teletraballo, como sistema organizativo idóneo para evitar a transmisión da doenza e, nomeadamente, para garantir a continuación da actividade laboral en condicións de normalidade após a crise sanitaria. Os prazos teñen que concordar coa lexislación do estado co decreto de alarma. Cumpre actuar neste sentido e facilitar medidas organizativas polas que se poda aumentar as xornadas de teletraballo (concentrando xornadas de inspeccións ou tarefas de campo e deixando traballo de oficina noutros días para teletraballo).

Resulta cando menos paradigmático que o Informe desta consellaría fale de axuste dos postos de traballo nos que sexa difícil manter os dous metros de separación, mediante teletraballo, quendas de rotación ou reasignación de traballos. É de todos sabido que nos centros culturais gran parte do persoal é persoal laboral dos grupos IV (auxiliares) e do grupo V (vixiantes e ordenanzas) que dificilmente poderían teletraballar polo que se solicita o reaxuste de quendas xa que por forza van ter que compartir espazos pequenos. Chama especialmente a atención o AHP de Ourense que de 15 efectivos xa van estar na segunda fase activos 12 co que iso supón nun centro de tan reducidas dimensións.

- Temos persoal que convive con xente de risco, reclamamos que unha vez xustificada a circunstancia, se facilite a súa flexibilidade no traballo para a non coincidencia con outras persoas e o teletraballo con carácter preferente, para evitar elevar o risco de contaxio e lévalo para a súa casa.
- Recordamos a necesidade de que o persoal sensible non se incorpore ao traballo ata a resolución da súa solicitude e que segundo dixo en Comisión de Seguimento do 27 de maio o Director Xeral da Función Pública isto era así e estaba “arraxado e comunicado na reunión de secretarios”. Cumpre información sobre as solicitudes do persoal sensible, cantas solicitudes teñen, cantas están resoltas, cantas se resollen con baixa,...e en que estado esta o proceso de resolución das mesmas.
- A formación das novas maneiras de facer é un requisito imprescindible para que todo o persoal adquira os métodos adecuados para manter unha asepsia e un rigor hixiénico que estea na liña das normas estatais de comportamento ante o Covid-19.

E por iso, **SOLICITO:**

A corrección **do informe nas seguintes cuestións coa paralización cautelar da implantación da segunda fase** ata o seu tratamento e resolución:

- Que en dito informe se recolla a identificación dos postos, os que teñen teletraballo, os que non, identificar o postos esenciais así como aqueles que non traballan nas oficinas como pode ser o persoal campo, a identificación das medidas se van a tomar.

E unha vez elaborado o informe se ratifique polo servizo de prevención de riscos.

- Se realice a avaliación de riscos dos centros e de todos os postos, incluíndo aseos, fotocopiadoras, zonas de tránsito, depósitos de documentación, almacéns, etc. Reclamamos a aplicación de medidas organizativas. e a súa comprobación polos SPRL. Especialmente dos centros de nova creación como a Biblioteca de Ourense.
- Se recolla a **continuidade do teletraballo COVID, ata o último momento sinalado pola normativa do Estado, e que se fomente** coas medidas organizativas para que o persoal de campo poda realizar os seus informes ou trámite de expedientes dende o teletraballo ou con medidas que eviten coincidir no mesmo espazo de traballo ao tempo.
- Información de cantas solicitudes de teletraballo COVID diferenciado do teletraballo ordinario. Solicitamos que se informe como está funcionando, se existe un sistema de de seguimento.
- Medidas organizativas que faciliten ao persoal que conviva con xente de risco, e unha vez xustificada esa circunstancia, a flexibilidade no seu traballo para non coincidir en espazos ou franxas horarias que eleven o risco de contaxio e de levalo para a súa casa.
- Que o persoal sensible non se incorpore ao traballo ata a resolución da súa solicitude. Ao tempo pedimos información sobre as solicitudes do persoal sensible, cantas solicitudes teñen, cantas están resoltas, cantas se resolven con baixa e e en que estado está o proceso de resolución das mesmas.
- Información da previsión que ten a Consellería a partir do 15 de xuño co persoal de conciliación. Recalcamos a necesidade de medidas de conciliación así como de continuar co teletraballo COVID como indica a normativa estatal exposta.
- Que se artelle un verdadeiro sistema de limpeza de centros que teña en conta as novas necesidades, e por exemplo se dote a todos os organismos de alfombras desinfectantes na entrada.
- Detalle dos espazos onde dificilmente vaise poder gardar as distancias de seguridade e medidas tomadas para garantir ese distanciamento; como por exemplo acontece na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Se posibilite a conformación de quendas alternas nos centros onde o persoal laboral non garanta en todo momento ao longo da xornada de traballo os 2 metros de separación.
- Reorganización dos horarios de entradas e saídas sobre todo nos cambios de quendas para facilitar a separación e a non aglomeración de persoal nas mesmas dependencias.



Confederación Intersindical Galega – CIG-Autónomica
Edif. Administrativo San Caetano – 15781 Santiago de Compostela
www <http://autonomica.cigadmon.gal>
telegram <http://t.me/cigautonomica>
twitter @CIGAutonomica
facebook CIG Autonomica



- A organización de cursos de formación en riscos Covid para todo o persoal dos centros.
- A instalación de mamparas separadoras en todos os centros onde non se respecten os dous metros entre o persoal do centro (exemplo pode ser o AHP de Ourense) e no lugar de atención ao público.
- A instalación de alfombras hixiénicas nas entradas de todos os centros.

Compostela, 4 de Xuño de 2020

Zeltia Burgos Tortosa

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA---CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO